

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA DEZAOITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas do día dezaioito de novembro de dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria urxente, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo grupo político popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU (incorpórase á sesión no momento que se expresa na presente acta)
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA (incorpórase á sesión no momento que se expresa na presente acta)

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión a señora concelleira dona María Guadalupe Pombo Carril

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.

De seguido intervéñ o Sr. alcalde e di que o primeiro é votar o pronunciamento sobre a urxencia desta convocatoria e do asunto incluído na orde do día, constando na resolución da Alcaldía de convocatoria desta sesión o seguinte:

"A urxencia da convocatoria está motivada pola necesidade de remitir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o acordo plenario de aprobación do convenio, xa que non puido remitirse antes do 13 de novembro -data sinalada pola Consellería- por non estar rematado o expediente, e conceder este organismo verbalmente a esta Alcaldía unha nova data límite para a súa remisión que remata o 19 de novembro."

(neste momento incorpóranse á sesión a señora concelleira dona Izaskun García Gorostizu e o señor concelleiro don Antón Prieto García).

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o convenio do transporte metropolitano, que subscriben todos os concellos da área e no que están todos os que non son cidade, entra en vigor o 1 de xaneiro; que non é un convenio estrito no sentido dos cambios das liñas pois podería haber diferentes modificacións ao longo do ano, sendo un dos principais acordos ao que se chegou facer unha mesa de seguemento do transporte metropolitano para ir analizando as cuestións de mellora que puideran ir aparecendo; que o equipo de goberno vai facer cambios no propio transporte do Concello de Culleredo, o que está falado xa coa Xunta de Galicia, polo que en canto se dispoña do novo plan se irá incorporando para que inclúan ao concello no mesmo sistema de tarifas; di que a modo de resumo destaca a implantación da tarifa "Xente Nova" por parte da Xunta de Galicia que permite que os mozos e mozas ata vinte anos de idade incluídos poidan viaxar gratis no transporte metropolitano interurbano da Coruña entre outros ámbitos territoriais, garantir a continuidade das accións de promoción do transporte público colectivo en tanto se procede ao desenvolvemento e implantación da área única de transportes de Galicia, unha mellora da coordinación e conectividade entre os diferentes servizos e modos de transporte público, mellora da conectividade física entre os distintos servizos e o establecemento dun sistema de tarifas integrado, articulándose un sistema tarifado zonal e introducindo medios de pagamento multimodais, fixándose unhas tarifas que introducen modificacións á vez que despenalizan o transbordo; que ao Concello de Culleredo lle corresponde pagar polo transporte metropolitano a cantidade de 185.998,28 euros; que respecto da ponderación hai unha mesa, unha comisión, onde se establecen acordos e na que a Xunta de Galicia ten o 50% dos votos, repartíndose o outro 50% entre os concellos participantes, correspondéndolle ao Concello de Culleredo 3 votos, sendo esta mesa de seguemento un dos temas importantes solicitados polos alcaldes para ir vendo se fan falta melloras.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que normalmente aproban a urxencia de todas as cuestións que afectan a Culleredo pero neste caso o seu grupo quere facer ver como se lle convoca á sesión que se está a celebrar pois tal como di a propia convocatoria, a urxencia está motivada pola necesidade de remitir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o acordo plenario de aprobación do convenio, xa que non puido remitirse antes do 13 de novembro -data sinalada pola Consellería- por non estar rematado o expediente, e conceder este organismo verbalmente á Alcaldía unha nova data límite para a súa remisión que remata o 19 de novembro; que no documento da proposta da Alcaldía dise que logo de varios trámites previos, con data 13 de outubro de 2020, o director xeral de mobilidade remite o texto do novo Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña, insistindo en que se recibiu o día 13 de outubro de 2020 e agora, á data 19 de novembro de 2020, sométese a aprobación cando o equipo de goberno dispón xa desde hai máis dun mes do texto citado; que na xustificación da urxencia se di que o acordo plenario de aprobación do convenio non puido remitirse antes do 13 de novembro por non estar rematado o expediente polo que se podería pensar que o expediente é moi complexo e que o equipo de goberno tivera que elaborar montes e moreas de documentos, con cálculos e avaliación de diferentes alternativas, con informes técnicos complexos pero o que se presenta na documentación do punto número 2 da orde do día son dous documentos, un a proposta e outro o informe de Secretaría e de Intervención, no que ambas as dúas funcionarias deixan claro que "Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil con que contaron as funcionarias informantes para a emisión deste informe, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que as consideracións que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas unha vez examinado o asunto con máis tempo" o que indica que o que poñen no seu informe poderá ser ulteriormente ampliado polo que pregunta como a oposición poderá conformar unha idea sobre se o que se vai

decidir nesta sesión é beneficioso, prexudicial ou simplemente mellorable, por que non se está a aprobar unha cuestión na que se poida decidir con toda a información requirida e con todas as posibilidades de que desde os grupos políticos da oposición se poidan presentar propostas de mellora en forma de emendas.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que hai precedentes sobre que os membros da oposición teñan dado o voto favorable en cuestións de índole varia e descubrir a posteriori que as ditas cuestións levaban bicho polo que dificilmente se lle pode dar confianza ao equipo de goberno, debendo lembrar unha vez máis como os concelleiros da oposición non teñen dedicación exclusiva ao traballo municipal, que non cobran salario pola súa dedicación e teñen as súas propias ocupacións laborais coas que se gañan a vida, non como membros do equipo de goberno que contan con salario do erario público municipal e dedicacións exclusivas que hai que defender, véndose no caso de hoxe como se defenden; que os grupos da oposición tiveron que acudir á sesión que se está a celebrar, convocada para as dez da mañá, sendo convocados o día anterior ás doce horas e trinta minutos, pedíndolle ao equipo de goberno que pensen na imaxe que van deixando por aí e como os membros da oposición poden explicar nos seus traballos estas urxencias nas convocatorias; que para que o grupo político do BNG poida dar o voto favorable á aprobación da urxencia, alguén debería presentar explicacións convincentes, pedir disculpas ou cando non a mesma dimisión pola demora en tramitar un asunto tan grave pois o documento leva xa un mes aí agardando cando podería terse presentado no pleno ordinario anterior facilmente ou celebrarse un pleno extraordinario pero non coa premura coa que se convocou o que se está a celebrar; que por estes motivos, no caso de que non reciba unha explicación convincente, o grupo político do BNG vaise abster na votación sobre a decisión da urxencia.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que a Xunta de Galicia remitiu a documentación en tempo e forma e o equipo de goberno falou con dito organismo pois considerou apropiado facer certas consideracións respecto do proxecto presentado sobre o transporte metropolitano para saber se todo o que se vai facer no vindeiro ano co bus municipal podería encaixar no dito proxecto, realizando diversas reunións e que o presente pleno poderíase celebrar a vindeira semana pois aínda estaría en tempo pero o Concello foi apremiado para que presentase a documentación antes do día 19 de novembro e, dado que xa estaba toda a documentación analizada e estaban feitas todas as preguntas e as dúbidas que había e respondidas satisfactoriamente pola Consellería de Mobilidade, consideraron que xa se podía someter a aprobación do pleno municipal sen ningún problema.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno conta coa documentación desde o día 13 de outubro.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que desde o día 13 de outubro todo o mundo ten a dita documentación.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que o seu grupo non, que foi coa convocatoria coa que tiveron coñecemento da súa existencia.

O Sr. alcalde-presidente di que desde o día 13 de outubro contan coa dita documentación todos os que a teñen que ter e que todos os que se atopan na sesión contaban con ela en tempo e forma.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da sesión e do asunto incluído na orde do día, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún:

Abstencións: tres (3), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera,

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia.

2.- PROPOSICIÓN RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE A CORUÑA.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposición da Alcaldía (código de documento USG14I02HI), de data dezasete de novembro de dous mil vinte, que transcrita literalmente di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, a Xunta de Galicia desenvolveu un primeiro proxecto de mellora do transporte nas sete principais aglomeracións urbanas de Galicia, dando lugar, no caso da área da Coruña, á formalización o 2 de marzo de 2005, xunto cos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, dun primeiro convenio de colaboración para a implantación dun primeiro grupo de medidas de fomento do transporte público.

Posteriormente, as vantaxes introducidas a través desta liña colaboración darían lugar á integración de novos concellos.

O día 22 de marzo de 2010, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, remitiu o modelo de Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte Metropolitano na área de Transporte Metropolitano da Coruña. O Concello de Culleredo, en sesión plenaria ordinaria do 30 de marzo de 2010, aprobou o Convenio de Colaboración.

Finalmente, todas estas actuacións, remataron na formalización dun novo convenio de colaboración o 22 de outubro de 2010, entre a Xunta de Galicia e os concellos da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, Carral e Cambre.

O citado Convenio tiña unha vixencia ata o 31 de decembro de 2015, con posibilidade de prórroga por prazos dun ano coa fin de manter a liña de colaboración iniciada durante a elaboración, tramitación e formalización dun novo marco de colaboración que veña a dar continuidade ao Convenio. Así, a Comisión de Seguimento prevista no Convenio, e logo da entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, acordou prorrogar o convenio ata por catro períodos anuais.

Logo de varios trámites previos, con data 13 de outubro de 2020, o director xeral de mobilidade remite o texto do novo Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Transporte Metropolitano da Coruña.

Polo que, propónse ao Pleno municipal, , a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobado o texto do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Transporte Metropolitano da Coruña, a subscribir entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, e os Concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, A Laracha, Miño, Oleiros, Ordes, Oza-Cesuras e Sada, cuxo obxecto é establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar continuidade á aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros en desenvolvemento do denominado Plan de

transporte metropolitano de Galicia (en diante PTMG) na área da Coruña (e que se transcribe como Anexo ao presente acordo, xunto co seu anexo técnico).

Segundo. Asumir as obrigas económicas derivadas para o Concello de Culleredo da sinatura do citado Convenio de colaboración.

Terceiro. Facultar o Sr. Alcalde-presidente para a sinatura do devandito Convenio de colaboración, en nome e representación do Concello de Culleredo, a para a realización das actuacións necesarias para o seu desenvolvemento.

Cuarto. Remitir unha certificación do presente acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA

(Lugar e data)

REUNIDOS:

D^a. Ethel Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, en nome e representación da dita consellería.

D^a. Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, en nome e representación do referido concello.

D. José Antonio Santiso Miramontes, alcalde do Concello de Abegondo, en nome e representación do referido concello.

D. Carlos Calvelo Martínez, alcalde do Concello de Arteixo, en nome e representación do referido concello.

D^a. Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa do Concello de Bergondo, en nome e representación do referido concello.

D^a. María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, en nome e representación do referido concello.

D. Óscar García Patiño, alcalde do Concello de Cambre, en nome e representación do referido concello.

D. Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde do Concello de Carballo, en nome e representación do referido concello.

D. Javier Gestal Pose, alcalde do Concello de Carral, en nome e representación do referido concello.

D. Juan Manuel Rodríguez García, alcalde do Concello de Cerceda, en nome e representación do referido concello.

D. José Ramón Rioboo Castro, alcalde do Concello de Culleredo, en nome e representación do referido concello.

D. Javier Francisco Cainzos Vazquez, alcalde do Concello de Curtis, en nome e representación do referido concello.

D. José Manuel López Varela, alcalde do Concello da Laracha, en nome e representación do referido concello.

D. Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, en nome e representación do referido concello.

D. Ángel García Seoane, alcalde do Concello de Oleiros, en nome e representación do referido concello.

D. José Luis Martínez Sanjurjo, alcalde do Concello de Ordes, en nome e representación do referido concello.

D. José Pablo González Cacheiro, alcalde do Concello de Oza-Cesuras, en nome e representación do referido concello.

D. Óscar Benito Portela Fernández, alcalde do Concello de Sada, en nome e representación do referido concello.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

O transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación.

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, a Xunta de Galicia desenvolveu un primeiro proxecto de mellora do transporte nas sete principais aglomeracións urbanas de Galicia, dando lugar, no caso da área da Coruña, á formalización o 2 de marzo de 2005, xunto cos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, dun primeiro convenio de colaboración para a implantación dun primeiro grupo de medidas de fomento do transporte público.

Posteriormente, as vantaxes introducidas a través desta liña colaboración darían lugar á integración de novos concellos e, finalmente, á formalización dun novo convenio de colaboración o 22 de outubro de 2010, entre a Xunta de Galicia e os concellos da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, Carral e Cambre. Con esta evolución da liña de colaboración, as Administracións favoreceron a introdución de importantes melloras para as persoas usuarias, máis alá do abaratamento do prezo do transporte, tales como a simplificación de prezos mediante a introdución dunha tarifa zonal e a despenalización do transbordo, contribuíndo á integración dos sistemas de transporte interurbano e urbano.

O citado Convenio tiña unha vixencia ata o 31 de decembro de 2015, con posibilidade de prórroga por prazos dun ano coa fin de manter a liña de colaboración iniciada durante a elaboración, tramitación e formalización dun novo marco de colaboración que veña a dar continuidade ao Convenio. Así, a Comisión de Seguimento prevista no Convenio, e logo da entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, acordou prorrogar o convenio ata por catro períodos anuais.

Deste xeito, a unanimidade acadada nestas sucesivas prórrogas desta liña de colaboración, xunto co interese para adherirse ao mesmo de concellos como A Laracha, Carballo, Cerceda, Miño, Oza-Cesuras e Ordes, son mostras das considerables vantaxes deste novo modelo e da súa aceptación polo conxunto da cidadanía da zona.

Adicionalmente, cómpre pór de manifesto que este proxecto veríase beneficiado favorablemente coa implantación doutras medidas ao longo deste xa longo período temporal, entre as que cómpre destacar a implantación da tarifa Xente Nova por parte da Xunta de Galicia, que permite actualmente que os mozos e mozas de ata 20 anos, incluídos, poidan viaxar gratis no transporte metropolitano interurbano da Coruña, entre outros ámbitos territoriais. De feito, a última ampliación do ámbito territorial desta tarifa gratuita levou á súa aplicación non só nas Áreas de Transporte Metropolitano da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo, senón tamén á área de Pontevedra e a toda a provincia de Ourense; e está prevista a súa progresiva expansión ao conxunto da Comunidade Autónoma.

Esta ampliación do ámbito de aplicación da tarifa Xente Nova anticipa a previsión por parte da Xunta de Galicia de acadar unha nova revisión do modelo de transporte metropolitano, que deberá dar lugar á creación da Área Única de Transportes de Galicia logo da implantación dos novos contratos de concesión de servizos públicos de transporte previstos no Plan de Transporte Público de Galicia, e da súa valoración xunto coas Administracións locais. Esta previsión leva a que se considere necesario garantir o mantemento do actual sistema de transporte metropolitano e, en concreto, o desenvolto na denominada Área de Transporte Metropolitano da Coruña, ata que se desenvolva plenamente e se proceda á implantación deste proxecto.

C.I.F. P-1503100-H

Deste modo, o principal obxectivo que se persegue coa sinatura deste novo Convenio é manter a liña de colaboración existente entre as diferentes Administracións co obxectivo final de garantir a continuidade das accións de promoción do transporte público colectivo en tanto se procede ao desenvolvemento e implantación da Área Única de Transportes de Galicia.

De conformidade co exposto, e en aras dos principios de colaboración, cooperación e coordinación que deben presidir as relacións entre as Administracións públicas, é vontade das partes relacionadas no encabezamento proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento da mobilidade sostible, para o que formulan o presente convenio con base nas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar continuidade á aplicación das medidas de fomento do transporte público de viaxeiros en desenvolvemento do denominado Plan de transporte metropolitano de Galicia (en diante PTMG) na área da Coruña.

Con este obxecto, o ámbito xeográfico dos municipios asinantes conforma, con efectos funcionais para o desenvolvemento do presente convenio, a denominada Área de Transporte Metropolitano da Coruña (en diante, ATM da Coruña).

Segunda.- Programa de integración de redes de transporte público e política tarifaria

2.1.- Integración de redes

As Administración asinantes comprométense a levar a cabo todas aquelas actuacións que consideren necesarias para garantir unha mellora da coordinación e da conectividade entre os diferentes servizos e modos de transporte público en concorrencia, de xeito que o transporte público na súa totalidade se beneficie nun incremento da calidade das súas prestacións para as persoas usuarias.

Para tal fin adoptaranse medidas para favorecer a integración entre as distintas redes de transporte público afectadas, tanto urbanas como periurbanas. Esta integración acadarase por dúas vías fundamentais: a mellora da conectividade física entre os distintos servizos e o establecemento dun sistema de tarifas integrado.

2.2.- Favorecemento da conectividade física

As Administracións asinantes comprométense a colaborar, no marco das súas respectivas competencias, cara unha constante mellora na integración física das redes de transporte público.

2.3.- Política tarifaria

As Administracións asinantes comprométense a manter a aplicación da política tarifaria establecida con base no convenio formalizado con data do 25 de outubro de 2010, e de acordo coas seguintes especificacións:

a) Principios básicos:

Obxectivos.- O obxectivo fundamental que persigue o PTMG a través da política tarifaria é o de fomentar a mobilidade en transporte público colectivo. Para tal fin, o sistema tarifario que se define contribúe a favorecer a coordinación entre as diferentes redes de transporte público, mellorando a calidade da integración do sistema, e o abaratamento do custo por viaxe para as persoas usuarias, coa despenalización económica para estas das operacións de conexión entre as liñas que requira a realización da súa viaxe.

Para o cumprimento deses obxectivos artículase un sistema tarifario zonal, introdúcense medios de pago multimodais, e fíxanse unhas tarifas que introducen bonificacións á vez que despenalizan o transbordo.

Zonificación.- Acórdase dar continuidade ao sistema tarifario zonal implantado na ATM da Coruña con base no convenio de colaboración do 25 de outubro de 2010. Este sistema, durante a vixencia do presente convenio e, no seu caso, as súas prórrogas, substituirá aos preexistentes nos modos de competencia da Xunta de Galicia, e será complementario no resto.

O sistema tarifario zonal parte da división da ATM da Coruña en zonas de transporte, consideradas como agrupación dun ou varios concellos, e estableceuse o concepto do número de saltos entre zonas de transporte como variable utilizada para fixar o prezo.

Títulos de transporte.- Acórdase, por unha banda, a aplicación dun medio de pagamento, denominado Tarxeta do transporte de Galicia (en adiante TMG), válida en todos os modos de transporte con tráficos metropolitanos. Doutra banda, mantense a ordenación e simplificación dos títulos comercializados polos diferentes modos de transporte nos que a Xunta de Galicia é a Administración titular.

—Billete sinxelo (pagamento en efectivo): válido unicamente para unha etapa, non permite o transbordo.

—Tarxeta do transporte de Galicia (TMG): trátase dun medio de pagamento (tarxeta moedeiro) emitido pola Xunta de Galicia, directamente ou en colaboración con entidades financeiras, de carácter multiviaxe (permite múltiples cancelacións) e multimodal (aceptable en todos os modos con tráficos integrados). Nos pagamentos efectuados con esta tarxeta aplicaranse as bonificacións previstas no presente convenio.

—Aplicación social da Tarxeta do transporte de Galicia (TMGS): constitúe unha ferramenta que, mediante a utilización da TMG, permite xestionar aos promotores (públicos e/ou privados) as súas bonificacións de carácter social. Para o efecto, cando os promotores sexan os concellos participantes neste convenio, a Comisión de Seguimento deste convenio optará entre as distintas alternativas de bonificación dentro das variables que en termos tecnolóxicos permita a aplicación, preferiblemente coa finalidade de establecer perfís e niveis de desconto idénticos en todos os concellos da área; non obstante o anterior, o impulso individual deste programa por parte dalgún concello poderá ser concertada directamente entre o dito concello e a Xunta de Galicia. A operativa material desta aplicación será equivalente á prevista para facer efectiva a bonificación por recorrencia.

—Tarxetas de Pagamento Integradas: medio de pagamento que, con independencia do emisor, permite viaxar a través de varios medios ou modos de transporte, debendo establecerse o sistema de compensacións entre as diferentes Administracións en virtude dos acordos reflectidos en diferentes convenios. Terán esta consideración aquelas tarxetas equivalentes á TMG e compatibles con ela que, emitidas ou promovidas por outras Administracións, sexan incorporadas pola Dirección Xeral de Mobilidade ao sistema de transporte metropolitano de Galicia, como xa o foron a Tarxeta Millenium da Coruña e a Tarxeta Cidadá de Lugo.

Niveis de prezo.- O prezo que terán que aboar as persoas usuarias dependerá do número de saltos existentes entre a zona de transporte de orixe e destino, así como do título ou tarxeta utilizado para a súa realización. O transbordo entre servizos integrados estará, por tanto, despenalizado, sen que supoña un custo adicional para a persoa usuaria, consonte coas regras de uso establecidas en cada momento pola Dirección Xeral de Mobilidade, que concretará o tempo máximo entre cancelacións dependendo do número de saltos da viaxe.

Cabe precisar que cando se trate dun desprazamento urbano realizado en concesionarios do transporte urbano, os niveis de prezo a utilizar serán os que aprobe cada concello para as súas tarxetas de pagamento integradas e, en defecto destas, o prezo de 0 saltos aplicable aos pagamentos con TMG.

Adicionalmente, as persoas usuarias que efectúen no mes natural un determinado número de viaxes metropolitanas obterán a bonificación adicional por recorrencia establecida no anexo técnico.

Niveis de compensación aos prestatarios de servizos de transporte.- Para aqueles contratos de concesión que, de acordo co establecido pola Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do transporte público de Galicia, se atopan en situación de continuidade na explotación, os niveis de compensación serán os aplicables no momento de formalización do presente convenio, sen prexuízo da súa actualización pola Dirección Xeral de Mobilidade, se fose o caso, atendendo á normativa aplicable en materia de tarifas. Para os contratos adjudicados no marco dos procedementos de licitación 1/2019 DXM, 2/2019 DXM e 1/2020 DXM, os niveis de compensación aplicables serán os resultantes dos ditos contratos de concesión.

C.I.F. P-1503100-H

Contía, natureza e límite das bonificacións.- A contía da diferenza entre os niveis de compensación e o custo efectivo repercutido en cada caso á persoa usuaria determinará o volume de recursos globais a achegar polas Administracións públicas, denominada "bonificación global da viaxe".

A bonificación global da viaxe subdivídese en bonificación zonal, asociada á etapa principal, e bonificación por transbordos, sendo o nivel de imputación e participación das diferentes Administracións diferente en cada unha delas, conforme ao establecido na presente cláusula e no Anexo a este convenio.

Imputación das bonificacións.- As contías das bonificacións previstas na presente cláusula, cos límites establecidos na mesma, repartiranse porcentualmente entre as Administracións sobre criterios de competencia (Administración competente), natureza da etapa (transbordo ou non) e uso (concello de orixe da primeira etapa e concello destino da última), de acordo co procedemento establecido no proxecto do Plan de Transporte Metropolitano, e indicado no anexo deste convenio.

Actualizacións.- A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación estarán sometidas ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade consonte coas ordes de revisión das tarifas. Sen prexuízo de revisións extraordinarias, con carácter xeral, tomarase como base para o devandito efecto as variacións experimentadas polo IPC do sector transportes, ou os mecanismos que en cada momento se contemplen legalmente. A Dirección Xeral de Mobilidade informará aos concellos destas revisións, con carácter xeral con ocasión da primeira reunión da Comisión de Seguimento que teña lugar logo da súa aprobación.

Igualmente, a Comisión de Seguimento do presente convenio poderá acordar unha alteración superior das táboas de prezos por salto atendendo fundamentalmente á evolución do sistema de transporte.

b) Procedementos:

Contía e revisión das achegas.- A achega que corresponde efectuar a cada Administración pública con base no previsto anteriormente estimase na contía determinada para ese efecto con base nas imputacións de achegas de exercicios anteriores, sen prexuízo da súa actualización anual pola Comisión de Seguimento segundo o procedemento fixado nesta mesma estipulación. A devandita previsión estimase, en todo caso, aproximada, considerando a ponderación que se efectúa con base nas liquidacións de exercicios anteriores, na que se tivo en conta tanto a penetración social dos medios de pagamento cos que operará a bonificación, como a porcentaxe global estimada de incremento de usuarios bonificados pola Administración, asumindo expresamente as partes a asunción de eventuais obrigas por riba das indicadas contías a fin de atender o gasto real que lles resulte imputable, e coa mesma sistemática que a prevista no punto anterior.

As Administracións públicas parte no convenio dispoñen do orzamento preciso para o presente exercicio e comprométese a efectuar as correspondentes previsións orzamentarias nos exercicios futuros polo importe que en cada caso corresponda segundo o Anexo e os acordos de reaxuste, actualización e liquidación adoptados pola Comisión de Seguimento do convenio.

Liquidación.- No primeiro semestre de cada ano, a Dirección Xeral de Mobilidade remitirá a cada unha das partes do convenio a liquidación do ano anterior, atendendo ás obrigas que efectivamente correspondera aboar a cada Administración. Esta liquidación será emitida e xustificada atendendo aos datos extraídos directamente da aplicación informática SITME.

A referida liquidación preverá os reaxustes das obrigas da correspondente anualidade, establecendo tanto unha minoración da parte a ingresar que deban materializar para ese ano os concellos excedentarios do ano anterior coa incorporación pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dos fondos sobrantes daquel exercicio polas súas respectivas participacións; como un incremento do correspondente aos municipios deficitarios, ata o importe non cuberto no exercicio anterior.

Transferencia e xestión das achegas.- As achegas indicadas serán xestionadas pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Para tal fin, os concellos participantes comprométese a transferir a esta as súas correspondentes achegas no prazo máximo de dous meses dende que a Dirección Xeral de Mobilidade efectúe a indicada comunicación da liquidación do ano anterior e o importe que corresponda ingresar no corrente, consonte co indicado nesta estipulación. As Administracións deberán efectuar o ingreso na conta xeral da Xunta de Galicia, e achegar á Dirección Xeral de Mobilidade, dentro do indicado prazo, o xustificante de ter efectuado este ingreso. Estes importes serán obxecto de incorporación na aplicación orzamentaria 07.04.512A.470.1 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, na que figura o orzamento comprometido pola Administración autonómica co desagregamento de anualidades indicado no Plan de Transporte Metropolitano inserido como anexo a este convenio.

De non se efectuar as achegas correspondentes a cada Administración nos prazos fixados, as partes asumen expresamente que as mesmas terán a consideración de débedas firmes, liquidas e exixibles pola Xunta de Galicia, quen poderá reter e compensar os referidos importes das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, consonte co legalmente establecido.

Liquidacións aos prestatarios de servizos de transporte integrados no plan.- A Dirección Xeral de Mobilidade será a encargada de tramitar a compensación aos prestatarios de servizos de transporte público integrados no eido do plan.

Esta compensación farase respectando as bases da política tarifaria previstas no Anexo deste convenio, de conformidade co establecido nas resolucións de integración dos contratistas de servizo público no eido da súa competencia.

Terceira.- Outras actuacións de fomento do transporte público

As Administracións asinantes, en aras da defensa dunha mobilidade sostible, implantarán as medidas de fomento do transporte público contidas no Anexo técnico do Plan de Transporte Metropolitano, nos termos previstos no presente convenio.

De xeito específico, as Administracións partícipes potenciarán a utilización do transporte público colectivo, e, especialmente, a introdución de medidas de discriminación positiva en favor do transporte público colectivo de viaxeiros fronte ao transporte particular.

Para a consecución destas actuacións, prevese a utilización dos seguintes mecanismos:

3.1.- Incremento da oferta de transporte público.

3.1.1. As Administracións asinantes poden acordar o establecemento de servizos públicos de transporte de viaxeiros por estrada regulares permanentes de uso xeral no ámbito da Área de Transporte Metropolitano, baixo dúas modalidades: servizos de predominante interese municipal (SIMU, no sucesivo), e servizos de interese metropolitano (SIME, no sucesivo).

a) Servizos de predominante interese municipal (SIMU). Terán este carácter os novos servizos deseñados para atender as necesidades de desprazamento dun concello, ben sexan tráficos interiores del, ben de conexión con outro/s concello/s da área de transporte metropolitano.

Os SIMU, en caso de presentar déficits de explotación nos seus resultados individualmente considerados, serán financiados ao 100% polos concellos nos que teñan tráficos autorizados. No caso de que afecten a máis dun municipio, os gastos distribuiranse entre eles atendendo á utilización real dos mesmos, aos quilómetros percorridos e á poboación afectada, consonte coa fórmula de ponderación destes dous elementos. Sen prexuízo do exposto, a estes servizos seralles de aplicación o programa tarifario, coas regras de distribución de gasto establecidas neste convenio.

Unha vez establecido o servizo, a Dirección Xeral de Mobilidade trasladará a cada parte o importe a satisfacer á empresa operadora. Este importe corresponderase cos datos obtidos para o efecto a través da aplicación informática SITME.

Sen prexuízo do exposto, o servizo será establecido pola Xunta de Galicia no caso de que afecte a tráficos preexistentes recollidos nos títulos contractuais de prestación de servizo de transporte regular por estrada de competencia da Administración autonómica.

b) Servizos de interese metropolitano (SIME). Terán este carácter os servizos deseñados para atender a conexión rápida, con ou sen paradas intermedias, dos principais núcleos da ATM, especialmente cara ao núcleo principal.

A Dirección Xeral de Mobilidade, por propia iniciativa ou atendendo as solicitudes motivadas dos concellos participantes, poderá elaborar propostas de establecemento destes servizos, que serán acordados de xeito bilateral entre a Xunta de Galicia e os concellos afectados, prevendo nos ditos convenios que o déficit de explotación destes servizos será asumido nun 80% pola Xunta de Galicia e nun 20% polos concellos nos que teña tráfico autorizado o servizo. Aos servizos que se implanten consonte co anterior, seralles de aplicación o programa tarifario establecido neste convenio, coas regras de distribución de gasto establecidas neste Anexo.

3.1.2. Coa formalización do presente convenio, as partes recoñecen coñecer os SIMUs actualmente existentes, correspondentes aos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, asumindo estes concellos o compromiso de mantemento dos mesmos durante a vixencia do presente convenio e, se fose o caso, as súas prórrogas, agás no suposto de asunción por parte do propio concello da competencia sobre o transporte público urbano. Neste último caso, os servizos municipais quedarán integrados neste convenio coas mesmas condicións de imputación de bonificacións establecidas para o transporte urbano da cidade cabeceira, manténdose os criterios de imputación previos para os servizos interurbanos que continúen a atender tráfico a ou dende o dito concello.

Dos convenios específicos que se formalicen entre a Xunta de Galicia e o/s concello/s directamente interesado/s na implantación de novos servizos que supoñan un incremento da oferta de transportes, tanto na forma de SIMUs como de SIMEs, sen prexuízo da súa aplicación consonte co que se prevea nos ditos convenios, informarase ao conxunto de administracións participantes no seo da comisión de seguimento do presente convenio.

Sen prexuízo da anterior previsión de mantemento dos SIMUs indicados anteriormente, por proposta dos concellos directamente interesados, ou da Xunta de Galicia, poderán modificarse as súas condicións, o que se instrumentalizará a través dun convenio bilateral entre as indicadas administracións; igualmente, os concellos poderán comunicar á Dirección Xeral de Mobilidade a súa intención de suprimir os ditos servizos, comunicación que deberá efectuarse con, cando menos, tres meses de antelación á data na que se faga efectiva, debendo coincidir esta, agás acordo expreso das partes, co primeiro inicio de ano posterior ao transcurso do dito período de tres meses.

3.1.3. A implantación efectiva dos novos servizos, SIMU ou SIME, efectuarase consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación e os correspondentes pregos de condicións aplicables aos diferentes contratos, prevéndose, con carácter xeral, o pagamento directamente por parte das Administracións promotoras aos concesionarios prestatarios dos servizos, logo da comunicación da liquidación correspondente por parte da Dirección Xeral de Mobilidade.

3.2.- Infraestruturas de transporte público.

As Administracións asinantes comprométense a manter accións para a mellora das infraestruturas do transporte metropolitano no ámbito da área.

Singularmente, os concellos participantes asumen o compromiso expreso de instalación, mantemento e conservación das infraestruturas, marquesiñas e postes de parada, executadas con base neste ou anteriores convenios para a implantación de sistemas de transporte metropolitano, ou subministrados pola Xunta de Galicia.

3.3.- Promoción do transporte metropolitano.

As Administracións asinantes comprométense á promoción do transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña.

Dentro das funcións de promoción do transporte público por estrada en xeral, a Xunta de Galicia ten previsto a implantación dun Sistema de Axuda á Explotación ("SAE") nos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral obxecto dos procedementos de adjudicación 1/2019 DXM; 2/2019 DXM; e 1/2020 DXM. Mediante este sistema optimizarase a prestación dos servizos de transporte terrestre por autobús, facilitando o acceso das persoas usuarias á información relativa á prestación destes servizos (horarios...) en tempo real.

Ata o momento no que o proxecto SAE estea implantado efectivamente e sexa este o sistema que o faga de xeito inmediato, dentro das funcións de promoción do transporte metropolitano, a Dirección Xeral de Mobilidade asume o compromiso de editar e manter actualizados periodicamente os horarios dos servizos de transporte na web bus.gal. Pola súa banda, os concellos asumen a obriga da súa difusión pública e, singularmente, do emprazamento e renovación nas marquesiñas e demais infraestruturas do transporte metropolitano.

Cuarta.- Comisión de Seguimento

4.1. Composición.- A Comisión de Seguimento integrará a todas as Administracións partícipes no presente convenio e estará composta por:

—A persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que a presidirá e exercerá o dereito de voto que corresponde á Xunta de Galicia, podendo delegar o exercicio das súas funcións na vicepresidencia da comisión.

—A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, que actuará como vicepresidente, podendo ser suplida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte da indicada dirección xeral. Sen prexuízo da delegación prevista no apartado anterior, á persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade, ou ao seu suplente, corresponderalle a presidencia en caso de ausencia do Presidente, exercendo nese caso o dereito de voto que corresponde á Xunta de Galicia.

—O Alcalde- Presidente de cada un dos municipios asinantes, que exercerán o dereito a voto que a cada un deles lles corresponda; poderán ser suplidos por un concelleiro das respectivas corporacións. Os devanditos representantes poderán acudir ás reunións desta Comisión asistidos por un técnico do indicado municipio.

—Ata tres técnicos da Consellería Infraestruturas e Mobilidade, designados pola persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade.

—Como secretario desta comisión asistirá ás súas reunións, con voz pero sen voto, un técnico da Dirección Xeral de Mobilidade.

A persoa que deteña a presidencia da comisión poderá autorizar a asistencia á mesma, con voz pero sen voto, de canto persoal técnico vinculado directa ou indirectamente coas Administracións estime oportuno.

C.I.F. P-1503100-H

4.2.Funcións.- A Comisión de Seguimento será a encargada do seguimento, interpretación e control do cumprimento do presente convenio e asumirá, en particular, as seguintes funcións:

a) Impulsar a programación das actuacións incluídas no ámbito do presente convenio, propondo no seu caso as variacións que se consideren precisas.

b) Resolver os problemas que se susciten na interpretación deste convenio.

c) Garantir o intercambio de información entre as Administracións participantes.

d) Elaborar e elevar ás respectivas Administracións competentes de propostas destinadas a mellorar a eficiencia do sistema de transporte da Área de Transporte Metropolitano da Coruña.

e) Propoñer e impulsar a introdución de bonificacións especiais a colectivos específicos de usuarios.

f) Modificar as condicións concretas de utilización dos títulos tarifarios metropolitanos.

g) Analizar e propoñer ás Administracións parte a adopción progresiva de medidas de discriminación positiva a favor do transporte público colectivo fronte ao transporte particular; para tal fin, sen prexuízo dos compromisos asumidos xa no presente convenio, a comisión promoverá o desenvolvemento e seguimento de estudos sobre a introdución, entre outras medidas, de carrís bus, restricións de estacionamento, direccións únicas, prioridade semafórica, ...

h) Todas aquelas funcións que se lle atribúan no presente convenio.

4.3.- Operatividade. A comisión reunirse cunha periodicidade cando menos semestral. Así mesmo tamén deberá reunirse cando o decidan:

—O seu Presidente.

—O vinte e cinco por cento dos votos ponderados que represente á metade dos concellos.

A comisión adoptará os seus acordos por maioría simple do total dos votos ponderados emitidos. Non entanto, será preciso o voto cualificado do sesenta por cento do voto ponderado e un mínimo de tres concellos para a adopción de propostas de integración de novos membros no ámbito do convenio.

No caso de adopción de propostas que supoñan compromisos orzamentarios para as partes asinantes maiores dos previstos no propio convenio, a comisión adoptará os seus acordos pola maioría cualificada prevista no parágrafo anterior, e co voto favorable dos concellos directamente afectados. Aos efectos deste convenio, non se considerará como incremento do compromiso orzamentario as variacións nas achegas a realizar polas Administracións cando se deriven de incrementos sobre os niveis de demanda actuais de transporte público.

A ponderación de votos na comisión realizarase de acordo co seguinte baremo:

-Xunta de Galicia: 50% dos votos.

-Concellos: 50% dos votos; a asignación de votos ponderados entre os concellos realizarase de acordo coa poboación de dereito de cada un deles no momento de formalización do presente convenio, consonte coa

información publicada polo Instituto Galego de Estatística, ou organismo oficial que o substitúa, e coa garantía de, cando menos, un voto por concello. Atendendo ao anterior, a distribución inicial de votos é a seguinte:

Concello	Poboación	Poboación (%/ATM)	Votos
Abegondo	5.406	1,10%	1
Arteixo	32.262	6,56%	3
Bergondo	6.633	1,35%	1
Betanzos	12.959	2,63%	1
Cambre	24.648	5,01%	2
Carballo	31.349	6,37%	3
Carral	6.408	1,30%	1
Cerceda	5.001	1,02%	1
Coruña, A	245.711	49,94%	25
Culleredo	30.402	6,18%	3
Curtis	3.983	0,81%	1
Laracha, A	11.347	2,31%	1
Miño	6.200	1,26%	1
Oleiros	36.075	7,33%	3
Ordes	12.674	2,58%	1
Oza-Cesuras	5.101	1,04%	1
Sada	15.841	3,22%	1
Total	492.000	100,00%	50

C.I.F. P-1503100-H

*Datos de poboación a decembro de 2019 (fonte IGE)

Esta distribución do voto entre os concellos poderá ser revisada anualmente a petición de calquera dos municipios, efectuada con dez días de antelación, cando menos, á data de celebración das reunións; igualmente, será revisada no caso de incorporación de novos membros, incorporando aos respectivos acordos da Comisión de Seguimento a nova distribución do voto que corresponda.

Quinta.- Duración

O presente convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia por catro anos.

Á finalización do período indicado, a Comisión de Seguimento poderá acordar a súa prórroga por un ou varios períodos sucesivos ata acadar o máximo de catro anos adicionais.

O devandito acordo deberá ser adoptado con anterioridade ao 1 de decembro do ano do seu vencemento, ou do vencemento da correspondente prórroga.

No caso de negativa dalgún concello ao mantemento da liña de colaboración, as Administracións partes poderán optar polo seu mantemento unicamente entre as que teñan mostrado expresamente a súa conformidade no seo da indicada Comisión de Seguimento.

Sen prexuízo da duración sinalada, o presente convenio finalizará no momento no que se produza a implantación da Área Única de Transporte de Galicia.

Sexta.- Extinción, modificación e novación

Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como proceder á novación do mesmo, subscribindo tal acordo por escrito e coas mesmas formalidades que as do presente convenio.

A novación subxectiva do convenio, consistente na entrada de novos municipios no seu ámbito, requirirá o acordo adoptado por maioría cualificada da Comisión de Seguimento previsto na estipulación cuarta. Logo do anterior, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asinará un acordo co novo membro, mediante o que formalice a súa inclusión no ámbito do presente convenio.

A integración dun novo membro, no caso de que algunha das Administracións parte no presente convenio manifeste o seu rexeitamento, dará lugar a que non se establezan as medidas de fomento previstas no Plan de Transporte Metropolitano nas relacións de tráfico que se desenvolvan entre estes concellos.

A novación subxectiva do convenio, consistente na súa denuncia por calquera dos seus membros, requirirá a previa comunicación deste ao presidente da Comisión de Seguimento non máis tarde do día 30 de xuño do ano anterior a aquel no que se materializará a súa saída da área de transporte metropolitano da Coruña; non obstante, o dito prazo reducirase ao dun mes cando a denuncia do convenio se formule pola Xunta de Galicia como consecuencia da implantación da Área Única de Transporte de Galicia. Ante a denuncia presentada por calquera dos concellos participantes, a Dirección Xeral de Mobilidade poderá optar entre a suspensión plena das medidas de fomento do transporte público previstas neste convenio no ámbito do referido concello, ou a súa limitación ata o máximo das contías sufragadas directamente pola Xunta de Galicia.

En todo caso, aínda no caso de denuncia do convenio e saída do seu ámbito, continuarán vixentes as obrigas de mantemento e conservacións das infraestruturas de transporte que se teñan instalado no ámbito do correspondente concello, previstas neste convenio, así como as de reserva nestas de lugares para a exposición de información dos servizos de transporte público.

Sétima.- Réxime xurídico

O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalidade e sostibilidade da Administración local), e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público.

Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este convenio rexerase polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

A resolución das posibles cuestións litixiosas que se puidesen suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do Convenio, pola Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Oitava.- Derradeira

1. A constitución da denominada Área de Transporte Metropolitano da Coruña efectúase con efectos exclusivamente funcionais, sen que supoña a constitución de novos órganos administrativos, nin a atribución de personalidade xurídica propia, nin a atribución ou delegación de competencias propias de cada unha das Administracións asinantes.

2. O presente convenio trae causa do asinado con data 22 de outubro de 2010, entre a Xunta de Galicia e os concellos da Coruña, Arteixo, Oleiros, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, Carral e Cambre ao que se adheriron con posterioridade os Concello da Laracha, Carballo, Cerceda, Curtis, Miño, Ordes e Oza-Cesuras, mantendo a súa vixencia entre as partes as obrigas asumidas con base no dito convenio; así, as contías ingresadas polas partes no marco deste convenio para o financiamento da política tarifaria, serán incorporadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e a súa liquidación efectuarase de xeito conxunto, sen prexuízo da debida separación das obrigas atendendo ao marco de colaboración ao que fosen adquiridas.

Igualmente, manteranse vixentes as obrigas asumidas polas partes para a conservación e mantemento de infraestruturas, sen prexuízo da súa interpretación, tanto respecto das novas como das preexistentes, nos termos indicados nas estipulacións do presente convenio.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Polo Concello da Coruña

Ethel Vázquez Mourelle

Código do documento	Código do expediente
USG14I02IK	USG/2020/172
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5723 4Q12 2R6E 5852 0M7X	

Inés Rey García
Polo Concello de Arteixo

Inés Rey García
Polo Concello de Oleiros

Carlos Calvelo Martínez
Polo Concello de Culleredo

Ángel García Seoane
Polo Concello de Sada

José Ramón Rioboo Castro
Polo Concello de Betanzos

Óscar Benito Portela Fernández
Polo Concello de Bergondo

María Barral Varela
Polo Concello do Abegondo

Alejandra Pérez Máquez
Polo Concello de Carral

C.I.F. P-1503100-H
José Antonio Santiso Miramontes
Polo Concello da Laracha

Javier Gestal Pose
Polo Concello de Cambre

José Manuel López Varela
Polo Concello de Carballo

Óscar García Patiño
Polo Concello de Miño

Evencio Ferrero Rodríguez
Polo Concello de Cerceda
Juan Manuel Rodríguez García
Polo Concello de Oza-Cesuras

Manuel Vázquez Faraldo
Polo Concello de Curtis
Javier Francisco Caínzos Vazquez
Polo Concello de Ordes

José Pablo González Cacheiro

José Luis Martínez Sanjurjo

ANEXO TÉCNICO DO CONVENIO DA AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA

INDICE:

1.Introdución.....	18
2. Actuacións contidas no Anexo.....	18
2.1 Programa de conectividade entre as redes de transporte público.....	18
2.2 Programa de oferta de servizos públicos de transporte.....	18
2.2.1 Servizos de predominante interese municipal.....	19
2.2.2 Servizos de predominante interese metropolitano (SIME).....	20
2.3 Programa tarifario.....	20
2.3.1 Zonificación.....	20
2.3.2 Títulos de transporte.....	23
2.3.3 Niveis de prezo.....	23
2.3.4 Niveis de compensación aos prestatarios de servizos de transporte público integrados no eido do plan.....	24
2.3.5 Contía das bonificacións.....	25
2.3.6 Imputación das bonificacións.....	26
2.4 Programa de información e infraestruturas.....	27
2.5 Contía e revisión das Achegas.....	27

C.I.F. P-1503100-H

1. Introducción.

O presente documento contén de xeito detallado as actuacións en desenvolvemento ou que se poderán implantar no futuro, co obxectivo último de mellorar substancialmente o transporte público na ATM da Coruña.

O conxunto de actuacións contidas no Anexo agrúpanse ao redor de catro programas complementarios entre si:

-Programa de conectividade entre as redes de transporte público.

-Programa de oferta de servizos públicos de transporte.

-Programa tarifario.

-Programa de información e infraestruturas.

2. Actuacións contidas no Anexo.

A continuación recóllese para cada programa o conxunto de actuacións, en detalle, que acordaron as Administracións asinantes do Convenio.

2.1 Programa de conectividade entre as redes de transporte público.

As Administracións asinantes comprométense a levar a cabo todas aquelas actuacións que consideren necesarias para garantir unha mellora da coordinación e da conectividade entre os diferentes servizos e modos de transporte público en concorrencia, de xeito que o transporte público na súa totalidade se beneficie nun incremento da calidade das súas prestacións para as persoas usuarias.

Para tal fin, adoptaranse medidas para favorecer a integración entre as distintas redes de transporte público afectadas, tanto urbanas como periurbanas. Esta integración acadarase por dúas vías fundamentais: a mellora da conectividade e accesibilidade física entre os distintos servizos e o establecemento dun sistema de tarifas integrado.

Respecto da mellora da conectividade e accesibilidade física dos servizos, as Administracións asinantes comprométense a colaborar, no marco das súas respectivas competencias, cara unha constante mellora na integración física das redes de transporte público.

2.2 Programa de oferta de servizos públicos de transporte.

O obxectivo fundamental é establecer unha liña de actuación para satisfacer as novas demandas existentes en materia de transporte público a través dun incremento dos servizos existentes.

Nesta liña, o incremento da oferta de transporte público existente prevese levalo a cabo mediante dous tipos de actuacións:

— Por un lado, o incremento daqueles servizos que afectan na súa maior parte a un único concello, e que se denominan a estes efectos ‘de predominante interese municipal’ (no sucesivo, SIMU).

— Por outra banda, o incremento dos niveis de oferta das distintas liñas que vertebran cada unha das áreas metropolitanas “de predominante interese metropolitano” (no sucesivo, SIME).

Aos novos servizos de transporte que se creen de acordo con esta cláusula, SIMU e SIME, resultaranlles de aplicación as vantaxes da política tarifaria e o réxime de bonificacións previstas no plan.

A implantación efectiva dos novos servizos, SIMU ou SIME, efectuarase consonte coa normativa sectorial que resulta de aplicación, asumindo as Administracións que os promovan as eventuais compensacións que se deban aboar tanto aos seus prestatarios como aos contratistas dos servizos preexistentes polos tráficos afectados.

2.2.1 Servizos de predominante interese municipal.

Terán este carácter os novos servizos deseñados para atender as necesidades de desprazamento dun concello, ben sexan tráficos interiores del, ben de conexión con outro/s concello/s da área de transporte metropolitano.

A implantación de novos SIMU instrumentalizarase, en canto á asunción de obrigas por parte das Administracións, mediante a formalización de convenios específicos entre a Xunta de Galicia e o concello ou concellos que os promovan. Para a definición dos ditos servizos terase en conta que, no caso de presentar déficits de explotación nos seus resultados individualmente considerados, serán financiados ao 100% polos concellos nos que teñan tráficos autorizados. No caso de que afecten a máis dun municipio, no dito convenio establecerase o criterio de distribución

do gasto entre os concellos, ponderando para tal fin tanto os quilómetros percorridos como a poboación afectada. Aos servizos que se implanten consonte co anterior, seralles de aplicación o programa tarifario establecido neste convenio, coas regras de distribución de gasto establecidas neste Anexo.

Coa formalización do presente convenio, as partes recoñecen coñecer os SIMUs actualmente existentes, correspondentes aos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, e estes últimos concellos asumen o compromiso de mantemento dos mesmos durante a vixencia do presente convenio e, se fose o caso, as súas prórrogas, agás no suposto de asunción por parte do propio concello da competencia sobre o transporte público urbano. Neste último caso, a partir da asunción material da indicada prestación de servizos urbanos, estes quedarán integrados neste convenio coas mesmas condicións de imputación de bonificacións establecidas para o transporte urbano da cidade cabeceira, manténdose os criterios de imputación previos para os servizos interurbanos que continúen a atender tráfico a ou dende o dito concello.

Atendendo ao anterior, as previsións de achegas que corresponden aos indicados concellos para o mantemento dos SIMUs xa existentes, son as seguintes:

Táboa 1. Estimación anual das achegas correspondentes aos SIMUs que deberán realizar os concellos da ATM da Coruña.

Concello	Gasto anual previsto asumido polo concello debido a SIMUs
Arteixo	274.419,60 €
Cambre	80.983,31 €
Culleredo	63.026,40 €
Oleiros	68.309,64 €

TOTAL 405.755,64 €

2.2.2 Servizos de predominante interese metropolitano (SIME).

Terán este carácter os servizos deseñados para atender a conexión rápida, con ou sen paradas intermedias, dos principais núcleos da área de transporte metropolitano, especialmente cara ao núcleo principal.

A Dirección Xeral de Mobilidade, por propia iniciativa ou atendendo as solicitudes motivadas dos concellos participantes, poderá elaborar propostas de establecemento destes servizos, que serán acordados de xeito bilateral entre a Xunta de Galicia e os concellos afectados, prevendo nos ditos convenios que o déficit de explotación destes servizos será asumido nun 80% pola Xunta de Galicia e nun 20% polos concellos nos que teña tráfico autorizado o servizo. Aos servizos que se implanten consonte co anterior, seralles de aplicación o programa tarifario establecido neste convenio, coas regras de distribución de gasto establecidas neste Anexo.

2.3 Programa tarifario.

2.3.1 Zonificación

Para a delimitación das zonas da ATM da Coruña tívose en conta a contía e características dos fluxos de transporte (mobilidade) e as redes (oferta) en presenza. Unha zona de transporte estaría constituída por un ou varios municipios e o custo da viaxe ao que debe facer fronte o usuario depende do número de saltos.

O número de saltos entre zonas vén determinado pola distancia, a rede viaria e o sistema de transporte existente permitindo a fácil incorporación das diferentes redes en presenza.

Os cadros que se contemplan a continuación poderán ser modificados pola Dirección Xeral de Mobilidade atendendo a razóns de mobilidade, coa conformidade dos concellos directamente afectados polas alteracións propostas. Enténdese por concellos directamente afectados aqueles que, para cada caso concreto, asuman o pagamento das relacións de mobilidade afectadas polas alteracións propostas.

Táboa 2. Zonas de transporte da ATM de A Coruña

Zonas	Ayuntamientos
C-Ber0	A Laracha
C-Ber1	Carballo
C-Bet0	Betanzos
C-Bet1	Oza-Cesuras
C-Bet2	Miño
C-Bet3	Curtis
C-Cor0	A Coruña
C-Cor1	Arteixo
C-Cor2	Cambre - Culleredo - Oleiros
C-Cor3	Bergondo - Sada
C-Cor4	Abegondo - Carral
C-Ord2	Cerceda
C-Ord3	Ordes

C.I.F. P-1503100-H

Táboa 3. Número de saltos entre as zonas de Transporte da ATM da Coruña.

2.3.2 Títulos de transporte

A Tarxeta do transporte de Galicia (TMG) será o medio de pagamento ordinario para a totalidade de servizos de transporte da área. A devandita tarxeta será emitida por aquela/s entidade/s colaboradora/s e basearase nunha tecnoloxía sen contacto que mellorará a cantidade e a calidade de información existente na rede de transporte da ATM da Coruña.

Doutra banda, prodúcese a unificación e simplificación dos títulos comercializados polos diferentes modos de transporte existentes na ATM da Coruña nos que a Xunta de Galicia é titular, quedando limitados aos seguintes:

- a) Billete sinxelo. Válido unicamente para unha etapa, non permite o transbordo.
- b) Tarxeta do transporte de Galicia (TMG). Esta tarxeta operará como unha tarxeta moedeiro multivíaxe e multimodal á que se aplican bonificacións que variarán en función dos transbordos realizados.
- c) Tarxetas integradas no sistema (Tarxeta Millenium da Coruña ou Cidadá de Lugo)
- d) Aplicación social da Tarxeta do transporte de Galicia (TMGS). Constitúe unha ferramenta que, mediante a utilización da TMG, permite xestionar aos promotores (públicos e/ou privados) as súas bonificacións de carácter social.

A Dirección Xeral de Mobilidade acordará a introdución de novos modos de pagamento integrados, baseados na evolución das tecnoloxías, informando ás Administracións participantes na Comisión de Seguimento do convenio.

2.3.3 Niveis de prezo

Os prezos neste sistema tarifario integrado, referidos á TMG e ao billete sinxelo nos modos adscritos á Xunta, fíxanse en función da O/D e non do número de etapas que son necesarias. Prodúcese unha despenalización total do transbordo nos pagamentos coa TMG nos modos de transporte integrados, e elimínase a competencia vía prezo entre os diferentes modos públicos.

Igualmente, ás persoas usuarias que abonen máis de corenta viaxes metropolitanas no mes natural a Xunta de Galicia libraralles en concepto de recorrencia unha bonificación suplementaria equivalente ao 15% do gasto efectuado nese mes. Este abono efectuarase a mes vencido, utilizando o programa deseñado para tal fin pola Dirección Xeral de Mobilidade.

Os niveis de prezos dos modos non adscritos á Xunta seguirán sendo fixados polas Administracións competentes ou se determinarán nos instrumentos de adhesión daqueles.

Táboa 4. Niveis de prezos (1).

Número de saltos	Billete sinxelo (efectivo)	Tarxeta Metropolitana de Galicia (TMG) (2)	
		Ata 40 viaxes/ mes	Máis de 40 viaxes / mes
0*	1,20 €	0,75 €	-
0	1,55 €	0,88 €	0,76 €
1	1,55 €	0,88 €	0,76 €

2	2,25 €	1,34 €	1,16 €
3	2,90 €	1,90 €	1,65 €
4	3,55 €	2,31 €	2,01 €
5	5,10 €	3,22 €	2,80 €
6	5,80 €	3,78 €	3,29 €
7	6,40 €	4,20 €	3,66 €
8	7,15 €	4,65 €	4,04 €
9	7,90 €	5,15 €	4,48 €
10	8,75 €	5,68 €	4,94 €

0* Viaxes no transporte urbano da cidade da Coruña

- (1) Os niveis de prezo recollidos na táboa serán actualizados consonte á normativa de aplicación e o previsto neste convenio.
 (2) O prezo de cancelación sempre será o reflectido na primeira columna. Os niveis de prezo que se reflecten na categoría

recorrecencia (máis de 40 viaxes / mes) obteranse no momento da recarga.

C.I.F. P-1503100-H

A táboa de prezos por salto e os niveis de compensación estarán sometidas ás actualizacións que periodicamente aprobe a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade consonte coas ordes revisión das tarifas. Sen prexuízo de subidas extraordinarias, con carácter xeral, tomarase como base para o devandito efecto os incrementos experimentados polo IPC do sector transportes ou os mecanismos que en cada momento se contemplen legalmente.

En todos os supostos a Dirección Xeral de Mobilidade informará aos concellos destas revisións, con carácter xeral con ocasión da primeira reunión da Comisión de Seguimento que terá lugar logo da súa aprobación.

As modificacións tarifarias serán directamente trasladadas ás porcentaxes de desconto, pagamento polos usuarios e imputación de bonificacións, que en cada caso corresponda, para o que a Dirección Xeral de Mobilidade informará ás demais Administracións parte das incidencias producidas. Igualmente, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade poderá dispor que as revisións de tarifas non se trasladen ao usuario, e se asuman, ben pola referida Administración dentro das obrigas previstas no presente documento, ben mediante a súa distribución equitativa entre as Administracións parte previa aprobación, neste caso, pola Comisión de Seguimento do convenio. Esta comisión poderá acordar, igualmente, variacións extraordinarias dos niveis de prezo fixados na dita táboa.

2.3.4 Niveis de compensación aos prestatarios de servizos de transporte público integrados no eido do plan

O sistema de compensación fixa o nivel de ingreso por cancelación coa TMG, tarxetas integradas ou billete sinxelo (este último título só nos modos adscritos á Xunta e nos que así se fixe nos acordos de integración) que

recibirá o prestatario tras a posta en marcha do Sistema Tarifario Integrado. A fixación destes niveis persegue os seguintes obxectivos:

- Non afectar ao equilibrio financeiro dos contratos de concesión.
- Conservar o sistema de incentivos baseado no risco e ventura. Os ingresos e a rendibilidade da explotación deben de estar vinculados ao número de viaxeiros.
- Manter os niveis de financiamento previamente adquiridos polas diferentes Administracións Públicas.

O sistema de compensación aplicado será o seguinte:

a) Contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral adscritos á Xunta de Galicia:

O nivel de compensación establécese sobre o ingreso medio por viaxeiro percibido polo contratista, ben a nivel de concesión, ben por cada ATM-Contrato-Liña-Salto, multitude de viaxes O/D dun contrato-liña que quedarían englobados baixo a tarificación dun determinado salto, tras aplicar as Tarifas do contrato. Os ditos niveis de compensación poderán ser independentes do modo de pagamento (efectivo ou TMG), ou establecerse de xeito diferenciado para cada un deste modos de pagamento.

Resulta aplicable ás cancelacións realizadas con TMG, tarxetas integradas ou billete sinxelo, agás que este último coincida co nivel de compensación que resultase de aplicación para o dito pagamento en efectivo.

b) Contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral adscritos, se fose o caso, a concellos:

O nivel de compensación establécese sobre o billete xeneralizado bonificado de Uso Xeral, Bonobús ou Tarxeta Normal.

Resulta aplicable exclusivamente ás cancelacións realizadas con TMG ou tarxetas integradas.

Actualizaranse por parte das Administracións competentes sobre os ditos servizos.

2.3.5 Contía das bonificacións

A diferenza entre o nivel de compensación (ingreso por cancelación asegurado ao prestatario do servizo) e o custo efectivo determinado polo viaxeiro, denominada Bonificación global da viaxe, determina o volume de recursos globais a achegar polas Administracións públicas.

Esta bonificación global subdivídese en: Bonificación zonal, asociada á etapa principal, e

Bonificación por transbordos.

O nivel de imputación e participación das diferentes Administracións públicas é diferente para cada unha delas.

[Bonificación total] = [Custo de prestación etapas] - [PvP ao usuario]

[Bonificación zonal] = [Compensación da etapa principal] - [PVP da etapa principal]

[Bonificación por transbordo] = [Bonificación total] - [Bonificación zonal]

Onde:

—[Compensación da Etapa Principal] indica o nivel de compensación da etapa con maior nivel de compensación do conxunto de etapas que conforman a viaxe.

—[PVP da Etapa Principal] indica o custo ao que tería que facer fronte o usuario pola realización da etapa con maior nivel de compensación da viaxe, con independencia das etapas anteriores ou posteriores que conforman a viaxe.

2.3.6 Imputación das bonificacións

O sistema de integración tarifaria determina que as contías das bonificacións previstas se repartan porcentualmente entre as Administracións implicadas atendendo a criterios de competencia (Administración competente), natureza da etapa (transbordo ou non) e uso (concello de orixe da primeira etapa e concello destino da última) seguindo o esquema de imputación de viaxes e repartición de custo que se mostra a continuación:

➤ Con respecto aos criterios de imputación da viaxe:

- a) Nos municipais, orixe e destino no mesmo concello, ao concello correspondente.
- b) Nos intermunicipais:
 - Mantemento do criterio de orixe sempre que o inicio da viaxe non se produza nun concello obrigado á prestación dun servizo urbano.
 - Aplicación do criterio de destino sempre que a orixe teña lugar nun concello obrigado á prestación dun servizo urbano.

➤ Con respecto á **participación da subvención por parte dos concellos**, establécese o seguinte:

a) Con respecto á bonificación zonal:

- 20% con carácter xeral.
- 100% naquelas viaxes urbanas realizadas en contratos urbanas ou en liñas declaradas de funcionalidade urbana cando o concello carece de contrato urbano a pesar de estar obrigado a iso.

b) Con respecto á bonificación por transbordo:

- 0% con carácter xeral. A Xunta asume o custo de transbordo entre servizos integrados.

As imputacións que lles corresponden a cada concello derivan do cálculo informático das colectas enviadas polos prestatarios dos servizos públicos de transporte integrados no eido do plan de acordo cos criterios sinalados. Porén, no suposto de concellos integrados na mesma zona de transporte, pode substituírse este procedemento por un reparto porcentual consensuado entre eles, con base a criterios obxectivos de mobilidade.

Táboa 5. Esquema xeral de imputación das bonificacións.

AAPP	MARCO FINANCIERO NA SITUACIÓN PROPOSTA			
	Sistema de transporte (Etapas)	% Bonificación zonal	% Bonificación transbordo	Criterio imputación

Xunta	Servizo Xunta / servizos metropolitano*	80	100	Todos
	Servizos concello: liñas de funcionalidade urbana	0	0/100	Só participa se a etapa urbana forma parte dunha viaxe metropolitana.
Concellos	Servizos Xunta/ servizos metropolitanos*	20	0	Viaxes con Orixe no concello
				Viaxes en Destino se a Orixe é o concello cabeceira da área

*Transporte marítimo e outros modos de transporte integrados

2.4 Programa de información e infraestruturas

C.I.F. P-1503100-H

Basicamente, distínguense dous tipos de actuacións que conteñen unha serie de medidas a implementar a curto prazo:

-Facilitar ao cidadán o acceso a unha maior e mellor información do transporte público. Estas actuacións van dirixidas aos diferentes elementos que constitúen o sistema de transporte (puntos de parada, autobuses) e prevese a mellora de ferramentas xa existentes como a páxina Web.

-A execución dun plan de renovación da rede de marquesiñas e postes de parada con información accesible para o cidadán. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en colaboración coas demais Administracións participantes, analizará e revisará a información dispoñible sobre os diferentes puntos de parada dos servizos metropolitanos, coa finalidade de establecer consensuadamente os puntos de actuación e a orde de prioridade para a súa execución material, que presentará á Comisión de Seguimento no prazo dun ano dende a posta en funcionamento do plan. Simultaneamente a Dirección Xeral de Mobilidade elaborará un modelo de familia de mobiliario urbano ao que se axustarán as novas unidades subministradas na ATM da Coruña.

2.5 Contía e revisión das Achegas.

A achega que corresponde efectuar a cada Administración pública estímase nas contías que aparecen determinadas nas seguintes táboas (6 e 7), nas que así mesmo se especifica a porcentaxe de incremento de devanditas contías para os anos sucesivos. Estas previsións recollen o total das achegas por parte das diferentes Administracións públicas en base ao custo das actuacións e á porcentaxe de imputación.

Táboa 6. Contía e previsión anuais das achegas dos concellos da ATM de Coruña por programa.

Concello	Sistema Tarifario Integrado	Servizos de Interese Municipal (SIMU)	TOTAL
----------	-----------------------------	---------------------------------------	-------

C.I.F. P-1503100-H

Abegondo	8.673,25 €	0,00 €	8.673,25 €
Arteixo	121.695,00 €	274.419,60 €	396.114,60 €
Bergondo	16.697,08 €	0,00 €	16.697,08 €
Betanzos	60.685,17 €	0,00 €	60.685,17 €
Cambre	87.687,26 €	80.983,31 €	168.670,57 €
Carballo	29.184,05 €	0,00 €	29.184,05 €
Carral	11.021,14 €	0,00 €	11.021,14 €
Cerceda	695,20 €	0,00 €	695,20 €
Coruña, A	8.248,52 €	0,00 €	8.248,52 €
Culleredo	122.971,88 €	63.026,40 €	185.998,28 €
Curtis	4.217,34 €	0,00 €	4.217,34 €
Laracha, A	13.040,61 €	0,00 €	13.040,61 €
Miño	15.857,12 €	0,00 €	15.857,12 €
Oleiros	129.148,14 €	68.309,64 €	197.457,78 €
Ordes	6.411,99 €	0,00 €	6.411,99 €
Oza-Cesuras	3.076,72 €	0,00 €	3.076,72 €
Sada	38.287,93 €	0,00 €	38.287,93 €
Total	677.598,40 €	486.738,95 €	1.164.337,35 €

Táboa 7. Contía e previsión anuais das achegas da Xunta na ATM da Coruña

Programa	Achegas anuais*
Política Tarifaria Integrada	3.723.606,36 €
Recorrenca e Familia Numerosa	98.099,70 €
UDC	6.409,60 €
Xente Nova Bonificacións	681.718,92 €
Total	4.509.834,58 €

--	--

* Non se teñen en conta os importes relativos ás compensacións por obrigas de servizo público (COSP) e as compensación tarifarias por usuarios con dereito a reserva de praza (CURP), debidas a escolares que teñen dereito recoñecido a viaxar gratuitamente dentro da ATM da Coruña A bonificación correspondente á tarifa Xente Nova establecerase na correspondente Orde pola que se estableza ou prorrogue a dita tarifa. A achega UDC establecerase no convenio de colaboración que se formalice coa UDC

Táboa 8. Contía e distribución anual das achegas derivadas directamente do presente convenio de colaboración

C.I.F. P-1503100-H

	2021	2022	2023	2024
Abegondo	8.673,25 €	8.673,25 €	8.673,25 €	8.673,25 €
Arteixo	396.114,60 €	396.114,60 €	396.114,60 €	396.114,60 €
Bergondo	16.697,08 €	16.697,08 €	16.697,08 €	16.697,08 €
Betanzos	60.685,17 €	60.685,17 €	60.685,17 €	60.685,17 €
Cambre	168.670,57 €	168.670,57 €	168.670,57 €	168.670,57 €
Carballo	29.184,05 €	29.184,05 €	29.184,05 €	29.184,05 €
Carral	11.021,14 €	11.021,14 €	11.021,14 €	11.021,14 €
Cerceda	695,20 €	695,20 €	695,20 €	695,20 €
Coruña, A	8.248,52 €	8.248,52 €	8.248,52 €	8.248,52 €
Culleredo	185.998,28 €	185.998,28 €	185.998,28 €	185.998,28 €
Curtis	4.217,34 €	4.217,34 €	4.217,34 €	4.217,34 €
Laracha, A	13.040,61 €	13.040,61 €	13.040,61 €	13.040,61 €
Miño	15.857,12 €	15.857,12 €	15.857,12 €	15.857,12 €
Oleiros	197.457,78 €	197.457,78 €	197.457,78 €	197.457,78 €
Ordes	6.411,99 €	6.411,99 €	6.411,99 €	6.411,99 €
Oza-Cesuras	3.076,72 €	3.076,72 €	3.076,72 €	3.076,72 €
Sada	38.287,93 €	38.287,93 €	38.287,93 €	38.287,93 €
Xunta de Galicia	3.821.706,06 €	3.821.706,06 €	3.821.706,06 €	3.821.706,06 €

“

Consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención (código de documento USG14I02G6) de data dezasete de novembro de dous mil vinte

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que o seu grupo quere resaltar é o positivo que ve no documento que se presenta pois é unha boa noticia que o transporte metropolitano se amplíe a máis concellos da área pois se antes se circunscibía só aos concellos limítrofes co Concello da Coruña, agora vaise máis alá, chegando incluso a

Cerceda, pensando que o que vén de dicir é algo positivo pero que é o único pois, repetindo algo que xa leu antes que figura na proposta, como é "logo de varios trámites previos", gustaríalles que o equipo de goberno puidera explicar o dito parágrafo e de que trámites previos falan pois estase a falar do entorno no que hai pouco houbo a tramitación da creación do novo mapa de liñas de autobús e saben que houbo en Culleredo moitas alegacións a ese novo mapa e que algunhas foron estimadas, polo que felicitan á veciñanza que se mobilizou e amosan a satisfacción do BNG que colaborou nesa organización social que fixo que se presentaran as alegacións e algunhas foran estimadas, principalmente as relativas ás comunicacións da zona rural, pero houbo moitas que non foron estimadas, principalmente as relativas á comunicación da zona rural; que dito mapa deixaba para outros 10 anos un mapa que non daba solución ás necesidades de mobilidade e ao equipo de goberno écheselle a boca con termos como pegada de carbono, economía circular, verde e outros, entendendo o BNG que no citado documento procedería facer alusión a ese novo mapa de liñas ou dicir algo ao respecto.

Continúa a súa intervención e di que malia que o BNG ve referencias á intermodalidade, a que por exemplo haxa bonos que poidan valer para bus e tren, en realidade son vaguedades que remiten a futuros indeterminados, como se emitir o dito documento non fora precisamente para abordar temas como este, sen que haxa unha concreción sobre o que pretende a Xunta e os concellos asinantes e que algún día poida haber un auténtico servizo de tren de cercanías, ou sen que a Xunta aborde o tema sobre o acordo por unanimidade do Parlamento de 2009 para a creación dun Ente Ferroviario Galego que sirva para deseñar ese servizo e poña as bases dun auténtico plan de mobilidade; que non se di nada sobre todo o que vén de expoñer e solicitan que se vexa a intención de usar as vías do tren que chegan case ata o Parrote e poder coller o tren na estación do Burgo ou na que debería haber en Fonteculler e poder ir ata alí ou, en sentido contrario, ata Ferrol ou Pontedeume con tempos e frecuencias compatibles coa vida de hoxe, preguntando aos membros da Corporación se lembran o que deu que falar hai quince anos o tema do metro lixeiro sobre o que xa se fixeran e pagaran estudos de viabilidade; que todo iso está esquecido da proposta que hoxe se trae a debate e votación sobre o transporte metropolitano, decaendo a Xunta unha vez máis do seu intento sen que os concellos da comarca fagan nada para reclamálo; que é rechamante como o convenio afirma que "O transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación" e pasa a dicir sen reparo que leva desde 2015 prorrogando ano a ano un convenio que non redefine agora, e iso sen grandes cambios; que Galicia vai arrastro en cuestións de mobilidade, e en particular a área metropolitana da Coruña, a área de maior densidade de poboación, de maior poboación e de maior dinamismo económico do país.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que aínda hai máis pois a Xunta di que o obxectivo deste novo convenio 2020 (sobre o que hai que lembrar que foi prorrogado ano a ano desde 2015 polo que van xa cinco anos agardando por unha nova solución) é, entrecomillando un parágrafo do propio convenio, non só un "servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación" polo que, se ese é o obxectivo, e esa a solución, xa se anuncia que nace coxa pois, entrecomillando tamén un parágrafo propio do dito convenio "anticipa a previsión por parte da Xunta de Galicia de acadar unha nova revisión do modelo de transporte metropolitano que deberá dar lugar á creación da Área Única de Transportes de Galicia logo da implantación dos novos contratos de concesión de servizos públicos de transporte previstos no Plan de Transporte Público de Galicia", calificando o mesmo texto do convenio que é para "dar continuidade", polo que representa outra oportunidade perdida de darlle contido a un verdadeiro plan de mobilidade da xente en transporte público para que poidan asistir aos seus traballos, á universidade, ás súas necesidades asistenciais ou de ocio, entendendo o grupo político BNG que se vai seguir sen darlle unha verdadeira solución de mobilidade á xente de Culleredo.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que das 4 liñas SIMO, as liñas internas dos concellos, Culleredo é a que menos cartos pon, pois pon só 63.000 euros, estando a moita distancia de Arteixo, que pon 274.000 euros, ou de Cambre que con 5.000 habitantes menos pon 81.000 euros, preguntando se o motivo será

que Culleredo non ten necesidades de mobilidade internas a pesar de que todos os servizos se atopan concentrados nun extremo do territorio como é o Burgo, Acea de Ama ou Fonteculler, a onde se ten que desprazar a xente das zonas rurais para acceder aos servizos médicos, para ir aos institutos, para ir ás súas compras, etc, considerando o grupo político BNG que unha vez máis se deixa ir unha oportunidade para desenvolver un mellor servizo de autobús interno en Culleredo; que o Sr. alcalde na súa intervención falou de que se avanzará e unha vez máis non se plasma na proposta e nun documento que despois de cinco anos de prórrogas anteriores segue sen tramitarse e sen que tan sequera o convenio que se somete a aprobación teña en conta algo que desde o BNG teñen alegado ao plan de novas liñas e que é tan fácil de conseguir e de custe nulo como é que as compañías concesionarias das liñas teñan que compartir os seus datos de xeolocalización en aberto para que se poidan desenvolver aplicacións de seguemento, tal como acontece xa nos autobuses urbanos da Coruña nos que un chega á parada e pode mirar canto vai tardar o seu bus en tempo real ou que desde a casa se poida mirar o mellor itinerario para ir ao destino ao que se quere chegar e saír da casa sabendo exactamente a que hora vai pasar o bus pola parada e a que hora vai chegar á outra, mencionándose no convenio que se presenta como proxecto SAE pero deixando a implantación en termos de "ten previsto", sendo isto o que o grupo político BNG considera vaguedades ou indefinicións, cinco anos despois de estar prorrogando o anterior; que botan tamén de menos unha mención a unha proposta para a situación actual da pandemia pois reciben queixas de xente que vai amoreada nos autobuses, supoñendo que o equipo de goberno tamén as recibe, non sendo aceptable que un traballador desprazado da súa casa non poida xantar nunha casa de comidas ao 50% de ocupación porque está a hostelería pechada, e teña que meterse en autobuses ateigados, lembrando como foi o asunto pois saíu unha orde da Xunta que dicía que os autobuses deberían ir ao 50% e aos cinco días saíu unha contraorde que dicía que podían ir cheos, considerando que tamén se podería facer unha mención a isto no documento que se presenta, a que hai que regularizar a mobilidade para evitar que os autobuses vaian amoreados e buscar as formas para conseguilo e evitar esa situación e así non ter que botar as mans aos pelos cando se disparen as cifras dos contaxios por Covid; que por todo o exposto, o grupo político BNG considera que se teñen perdido moitas oportunidades de ter elaborado, ou contribuído polo menos a elaborar, un auténtico convenio de transporte metropolitano coa Xunta poñendo enriba da mesa con contundencia todas as cuestións expostas e buscando a lexitimidade que lle dá o pobo ao Sr. alcalde e a toda a Corporación de Culleredo, anunciando que o seu voto será de abstención.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que lle parecen moi positivas as aportacións feitas polo Sr. Chouciño Garrido e que todas as forzas progresistas que están manexando o tema de mobilidade suscriben o discurso feito polo Sr. Chouciño case ao 100% e iso foi o que se lle transmitiu á propia Consellería; nomea aos Concellos de Carballo, de Oleiros, de Culleredo ou de Cambre e di que van remitir a acta á propia Xunta de Galicia e á propia Consellería de Mobilidade para que poidan comprobar de primeira man cal é a exposición do grupo político BNG e poidan tomar nota da mesma que, en certo grado, el subscribe.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo considera que o convenio que se presenta que asina a Xunta de Galicia xunto co Concello de Culleredo e o resto de concellos asinantes, e bo para fomentar o transporte público, desconxestionar as cidades e reducir a contaminación, véndose nos informes obrantes no expediente que a Sra. Interventora indica que hai crédito suficiente para a aportación que debe facer o Concello, pero botan en falta que estas forzas progresistas das que o Sr. alcalde vén de falar non teñan un maior compromiso co transporte interno e non adiquen unha partida como poden adicar outros concellos para a mobilidade interna entre zonas rurais e as zonas urbanas desde onde saen estes autobuses para o resto de zonas da área metropolitana; que o seu grupo quere tamén facer outra indicación, tal como fixo o compañeiro Sr. Chouciño Garrido, respecto da convocatoria desta sesión plenaria que se fixo con menos de vinte e catro horas de antelación a pesar de ter xa os informes desde o día trece de outubro, esperando unha vez máis ao último día e sendo tamén unha vez máis os últimos en presentar o compromiso na Xunta de Galicia, solicitando que o equipo de goberno se poña dunha vez as pilas e non deixe todo para última hora tal como está acostumado o Concello de Culleredo.

Seguidamente intervén o Sr. alcalde-presidente e di que quere matizar o dito pola Sra. García Gorostizu respecto de que as forzas progresistas deberían implicarse un pouco máis no transporte interno pois o transporte non é unha competencia do Concello e se este ten que investir cartos nel é porque a Xunta de Galicia non fai o que debe facer e non vertebra adecuadamente as comunicacións entre pobos, nin nas zonas rurais máis recónditas nin nas zonas urbanas próximas ao entramado urbano, motivo este polo que os concellos teñen que facer un esforzo para achegar aos cidadáns ás paradas máis próximas ou aos transbordos e investir cartos nunha cuestión que debería ter abordado a Xunta de Galicia que pode ser que por criterios económicos e de viabilidade prime outros asuntos pero impide que os concellos poidan investir os cartos adicados a transporte noutros proxectos; que neste caso hai máis de sesenta mil euros adicados a este tema e esa cantidade responde a que é a que estaba consignada no presuposto polo que é a que se pode dedicar a iso, sendo intención do equipo de goberno que no próximo ano, a través do DUSI poida haber un incremento pero hai que facer un estudo das liñas, non parecéndolle adecuado que se faga ata que se poña en funcionamento un plan que dalgún modo si tivo en conta as limitacións do Concello de Culleredo, polo que a intención do equipo de goberno é esperar os tres primeiros meses do ano 2021 para ver cal é o funcionamento e poñer a liña interna con cambios de itinerarios, etc ou incluso un transporte a demanda que están comezando a traballar co servizo de taxi, etc, pero que a competencia é de quen é e xa se ve a cantidade de cartos que gastan os concellos para complementar as carencias que ten a Xunta de Galicia no seu plan de mobilidade.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ela só quería apuntar que hai outros concellos que suplen as carencias mencionadas polo Sr. alcalde con moitos máis cartos e que el presume do compromiso progresista que ten polo que pide que quede ben indicado no vindeiro presuposto e non quede só nun anuncio no xornal.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde dicindo que así será e que lamenta moito que non sexa o goberno autonómico o que dispoña deses cartos e que unha vez máis se sanguen as arcas municipais para facer política autonómica.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposición da Alcaldía, de data dezasete de novembro de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereja e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposición da Alcaldía, de data dezasete de novembro de dous mil vinte, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e vinte e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)